



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE RODEIRO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE RODEIRO.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou co alcalde-presidente do concello de Rodeiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día da súa sinatura (30/07/2021) ata o día 30/12/2021

- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Rodeiro para o financiamento das obras de reforma no seu centro de saúde, propiedade do concello.

Segundo se detalla no informe do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos do Servizo Galego de Saúde, as obras de reforma consistirán en: acondicionamento do espazo adicado a almacén para consulta de pediatría e sala de espera de pediatría. impermeabilización da cuberta plana e substitución da cuberta do edificio posterior por unha cuberta de panel sándwich, modificación do acceso e do peche exterior, substitución da carpintería exterior por outra con rotura de ponte térmica e colocación de estores enrollables de tecido tipo Screen, revestimento de paramentos verticais interiores, reparacións na instalación eléctrica e reparacións no aseo de persoal da planta alta.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en facilitar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Rodeiro, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde de Rodeiro.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

